

Ref.-AEG/xps
502/16

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A SOCIEDADE ESPAÑOLA DE CARDIOLOXÍA PARA A MELLORA DA CALIDADE ASISTENCIAL EN PROCESOS CARDIOVASCULARES, E A PREVENCIÓN DE ENFERMIDADES CARDIOVASCULARES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o organismo autónomo Servizo Galego de Saúde, adscrito á Consellería de Sanidade, e a Sociedade Española de Cardiología, teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir o marco xeral e ámbito de colaboración entre as partes para facilitar a cooperación e o apoio necesarios para o desenvolvemento da promoción da investigación científica e clínica en resultados de saúde de enfermidades cardiovasculares, mellora da formación científico-técnica, divulgación e educación en saúde cardiovascular, prevención e desenvolvemento de proxectos vinculados á mellora da calidade asistencial, así como calquera outra actividade de interese común para ambas partes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 94.f) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia contempla entre as funcións do Servizo Galego de Saúde a promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde, no ámbito dos centros, servizos e establecementos sanitarios asistenciais e, no parágrafo i) do mesmo art 94, o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e de mellora de xestión.

Así mesmo, a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención e, isto, coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Outra das liñas de actuación consiste no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria dos pacientes e cidadáns coa finalidade de desenvolver de forma activa accións en materia de prevención.

A SEC é unha asociación sen ánimo de lucro, cuxo principal obxectivo é a mellora na prevención, diagnóstico e tratamento das enfermidades cardiovasculares, ademais de promover un mellor estado de saúde cardiovascular na sociedade civil. Para iso, a SEC trata de acercar o coñecemento científico á práctica clínica, implicando a todos os profesionais, impulsando a formación continuada e a investigación no campo das enfermidades cardiovasculares, fomentando a promoción da calidade asistencial nos procesos e procedementos terapéuticos aplicados aos pacientes. Por tanto, un dos seus obxectivos é traballar por e para mellorar a calidade de vida dos pacientes que sofren ou vaian a sufrir este tipo enfermidades.

A cardiopatía isquémica é un obxectivo estratéxico para o Sistema Nacional de Saúde desde o ano 2004, e o é tamén na actualidade debido a que en España as enfermidades cardiovasculares, e en concreto a enfermidade isquémica do corazón, son a principal causa de morte e unha das causas de maior probabilidade e perda de calidade de vida relacionadas coa saúde das persoas. Nesta liña os expertos tamén coinciden en que as enfermidades cardiovasculares poden previrse de forma integral con actuacións de promoción e prevención tendo en conta factores de risco, ou prevención dos seus impactos negativos unha vez manifestada a patoloxía cunha áxil, efectiva e pronta atención nunha abordaxe integral na prevención da

morte súbita ou a parada cardíaca, ou calquera outro programa de interese sanitario para a Consellería de Sanidade ou o Servizo Galego de Saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 6 de xuño de 2016.
O xerente do Servizo Galego de Saúde.